

# REGRAS DE RÉXIME INTERNO DA DELEGACIÓN DE ALUMNOS DE DEREITO DE OURENSE

## PREÁMBULO

A Delegación de Alumnos de Dereito de Ourense constitúe un espazo de referencia para o alumnado da Facultade da que depende, é por iso que os seus membros, convocados e reunidos democraticamente, deciden dar un paso importante de cara á posta en valor da mesma, co obxectivo de dotala duns órganos de goberno e de una estrutura que poida afrontar no futuro a organización de actividades e o desenrolo de tarefas como, a colaboración cos alumnos, a defensa dos seus intereses e dereitos e a axuda a todos aqueles que a precisen.

## TÍTULO I

### DISPOSICIÓN XERAIS

#### Artigo 1. Natureza

1. A Delegación de Alumnos da Facultade de Dereito de Ourense (DAFDO) constitúe un órgano sen personalidade xurídica dependente da Facultade de Dereito de Ourense.
2. A Delegación rexerese, no cumprimento dos seus fins, polas súas Regras de Réxime Interno, polos acordos validamente adoptados polos seus órganos, así como pola normativa aplicable en cada momento.

#### Artigo 2. Obxectivos

1. Os seus obxectivos son:
  - A. A colaboración e o asesoramento dos alumnos para defender os seus dereitos e intereses.
  - B. A organización de actividades culturais, formativas, deportivas e de lecer destinadas ós mesmos.
  - C. Promover iniciativas co fin de asegurar a participación activa dos estudantes na vida universitaria.
  - D. Colaborar coa Facultade e outras institucións alleas no relacionado coa educación e formación.

- E. Colaborar con entidades e asociacións universitarias para fomentar a interrelación dos universitarios de distintos centros e para crear vínculos de comunicación.
- F. Promover o entendemento e cooperación entre os estudantes para levar a cabo accións comúns.

2. O desenvolvemento das súas actividades será dentro do ámbito da Facultade de Dereito de Ourense, podendo estenderse á Universidade de Vigo.

3. Para desenvolver os seus obxectivos poderá facer calquera tipo de actividade: cursos, conferencias, concursos, xornadas, coloquios, etc.

### **Artigo 3. Sede oficial**

A sede oficial da Delegación radicarán no lugar especificamente designado pola Xunta da Facultade de Dereito a tal efecto.

### **Artigo 4. Ámbito de aplicación**

1. O ámbito de aplicación das presentes Regras de Réxime Interno é a Delegación de Alumnos da Facultade de Dereito de Ourense e estenderase a todos os seus membros.

2. O ingreso nesta Delegación de Alumnos supón a aceptación destas Regras de Réxime Interno.

## **TÍTULO II** DOS MEMBROS

### **Artigo 5. Composición da Delegación**

1. Forman parte da Delegación de Alumnos de Dereito, todos os alumnos matriculados en titulacións oficiais adscritas á Facultade de Dereito de Ourense que en todo caso sexan:

- A. Delegados e subdelegados das devanditas titulacións, que estean matriculados no correspondente curso que representen e que fosen elixidos democraticamente. Inclúense os mestrados.
- B. Representantes de alumnos da Facultade de Dereito: no Claustro universitario, no Consello de Goberno da Universidade de Vigo, no Consello de Goberno do Campus de Ourense, nos Departamentos e na Xunta da Facultade de Dereito.
- C. Representantes estudiantís en calquera outro órgano adscrito á Universidade de Vigo sempre que estean matriculados na Facultade de Dereito de Ourense.

2. Os membros da Delegación aparecerán recollidos nun cadro, actualizado polo Secretario, no que apareza o seu nome, apelidos, curso, cargo que ocupen, teléfono de contacto e enderezo electrónico.

### **Artigo 6. Dereitos**

Os membros terán os seguintes dereitos:

- A. Participar nas Asembleas con voz e voto, incluída a posibilidade de presentar mocións por escrito e solicitar a inclusión de puntos na orde do día.
- B. Tomar parte en todas as actividades que organice a Delegación en cumprimento dos seus fins.
- C. Gozar de todas as vantaxes e beneficios derivados da condición de membros da Delegación.
- D. Ser electores e elixibles para a Xunta de Goberno e demais Comisións que se prevexan constituír.
- E. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos de goberno da Delegación.
- F. Facer suxerencias á Xunta de Goberno en orden ó mellor cumprimento dos fins da Delegación.

### **Artigo 7. Obrigas**

Os membros terán as seguintes obrigas:

- A. Cumprir as presentes Regras de Réxime Interno e os acordos válidos adoptados pola Asemblea Xeral de membros e pola Xunta de Goberno.
- B. Asistir ás Asembleas, con voz e voto e demais actos que se organicen.
- C. Coidar e conservar en bo estado todo o material da Delegación e informar en todo caso das posibles incidencias.
- D. Desempeñar as obrigas inherentes ó cargo que ocupen.

### **Artigo 8. Perda da condición de membro**

A condición de membro pérdese automaticamente por:

- A. Perda da condición de estudante da Facultade de Dereito de Ourense, a non ser que forme parte da Xunta de Goberno. Neste último caso perderá a súa condición de membro unha vez sexa elixida a nova Xunta.

- B. Perda da condición de delegado o subdelegado, voluntariamente ou por remate do cargo unha vez fosen elixidos os novos delegados e subdelegados.
- C. Perda da condición de representante de alumnos en calquera órgano da Universidade o da Facultade, voluntariamente ou por esgotamento do cargo.
- D. Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito ó Presidente.

## **TÍTULO III**

### **DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DA DELEGACIÓN**

#### **Artigo 9. Órganos**

- 1. Os órganos da Delegación son, a Asemblea Xeral de membros e a Xunta de Goberno, que serán sempre colexiados.
- 2. Poderán constituírse as Comisións que a Asemblea Xeral considere precisas.

## **Capítulo I**

### **Da Asemblea Xeral de membros**

#### **Artigo 10. Natureza**

- 1. A Asemblea Xeral de membros é o órgano supremo de dirección da Delegación, estará composta por todos os membros da mesma e presidida pola Xunta de Goberno.
- 2. Os seus Plenos poderán ser, Ordinarios ou Extraordinarios.

#### **Artigo 11. Pleno Ordinario**

- 1. O Pleno Ordinario reunirase como mínimo dúas veces no curso lectivo.
- 2. As facultades que lle corresponden o Pleno Ordinario son:
  - A. A elección e nomeamento dos membros da Xunta de Goberno.
  - B. O exame e aprobación da xestión e propostas da Xunta de Goberno.
  - C. A aprobación e control de aplicación da memoria de actividades para o presente exercicio.
  - D. A aprobación das propostas de gasto dentro da partida anualmente asignada á Delegación.

- E. O exame do presuposto e balance de contas interno, correspondente a cada ano económico.
- F. Aprobar as modificacións das Regras de Réxime Interno.
- G. Calquera outras que non estean atribuídas expresamente a outro órgano ou que excedan das competencias da Xunta de Goberno.

### **Artigo 12. Pleno Extraordinario**

1. As facultades que lle corresponden o Pleno Extraordinario son, as que sendo competencia do Pleno Ordinario, por razóns de urxencia ou necesidade, debidamente xustificadas, non se poida esperar a súa convocatoria sen graves prexuízos para a Delegación.
2. Nunca será competencia do Pleno Extraordinario a modificación das presentes Regras.

### **Artigo 13. Convocatoria**

1. As convocatorias realízaas o Secretario por orde do Presidente e levarán adxunta toda a documentación precisa, incluída a acta da Asemblea anterior.

O Pleno Ordinario pode ser convocado tamén si o solicita a maioría da Xunta de Goberno ou un número de membros non inferior ó 20 %, indicando o punto/s que se queren debater.

2. As convocatorias comunicaranse, mediante enderezo electrónico, a todos os membros cunha antelación mínima de 5 días, indicando a data e lugar de celebración, a hora da primeira e segunda convocatoria, así como a orde do día. En caso da convocatoria de Pleno Extraordinario a antelación será de como mínimo 48 horas.

O lugar de celebración das reunións será sempre a Facultade de Dereito, preferiblemente na propia delegación de alumnos.

A segunda convocatoria farase como mínimo media hora despois da primeira.

3. O Pleno Extraordinario será convocado cando existan razóns de urxencia ou necesidade a xuízo da Xunta de Goberno.

### **Artigo 14. Orde do día**

1. A orde do día será elaborada polo Presidente e redactada polo Secretario.
2. A orde do día incluírá sempre a mención á aprobación do acta da reunión anterior e rogos e preguntas.
3. Deberán incluírse os puntos solicitados por escrito pola maioría da Xunta de Goberno ou polo 20 % dos membros da Delegación.

### **Artigo 15. Constitución dos Plenos**

1. Os Plenos, tanto Ordinarios como Extraordinarios, quedarán validamente constituídos en primeira convocatoria cando a eles asistan a maioría absoluta dos seus membros, incluído o Presidente e salvo que nestas Regras se dispoña outra cousa.
2. En segunda convocatoria, quedarán constituídos cando asistan un terzo dos membros, sempre que estea o Presidente e que non se dispoña outra cousa nestas Regras.

### **Artigo 16. Sesións**

1. As sesións dos Plenos, tanto Ordinarios como Extraordinarios, serán presididas polo Presidente, asistido polo Secretario e o resto da Xunta de Goberno. Todos eles formarán a Mesa da Asemblea.
2. Será a Mesa a que decida todas as cuestións incidentais relativas á aplicación das presentes Regras de Réxime Interno, así como todas aquelas que afecten o desenrolo da sesión. Decidiranse as cuestións por maioría simple e o voto do Presidente será de calidade en caso de empate.
3. Todos os membros da Delegación teñen dereito a intervir nos debates e votacións. O Presidente outorgará a palabra e decidirá o tempo de intervención. Tamén poderá retirar a palabra cando a persoa que interveña se aparte do tema debatido ou volva sobre temas tratados.
4. As intervencións non poden conter linguaxe groseira, obscena ou ofensiva cara os membros da Asemblea ou cara calquera outra persoa allea á Delegación. Nestes casos o Presidente pode chamar a orde ás persoas que non respecten estas normas.
5. O Presidente, de acordo coa Mesa, pode acordar a expulsión do Pleno do membro da Asemblea que non respecte as presentes Regras.
6. De non poder asistir o Presidente será o Vicepresidente o que o substitua. De non asistir o Secretario, o Presidente nomeará un provisional entre os membros da Mesa.

### **Artigo 17. Acordos**

1. Os acordos serán adoptados por maioría simple dos asistentes, salvo que estas Regras establezan outra maioría distinta.

En todo caso deberán estar presentes no momento da votación, como mínimo os asistentes necesarios para a segunda convocatoria.

2. As votacións poderanse facer a man alzada, por asentimento ou de xeito secreto. Serán necesariamente secretas cando o soliciten alomenos tres membros da Asemblea.

Non se admite a delegación do voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

3. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que se atopen presentes todos os membros da Delegación ou que se xustifique a extrema necesidade ou urxencia.

4. Os membros poden presentar mocións de palabra ou por escrito para que sexan debatidas, incluso aínda que non teñan relación coa o orde do día, en rogos e preguntas.

Pódense presentar tamén mocións por escrito cando por razóns xustificadas non se poida asistir á reunión.

5. A execución dos acordos corresponde á Xunta de Goberno e serán vinculantes para todos os membros da Delegación, aínda que no asistiran ás reunións.

6. Cando así veña esixido normativamente ou polo propio acordo, o Secretario comunicará por escrito os acordos á Facultade de Dereito, á Universidade ou ó órgano que corresponda.

### **Artigo 18. Actas**

1. O Secretario redactará as actas das reunións e será o encargado de redactar e publicar os acordos adoptados pola Asemblea, sempre co visto e prace do Presidente.

2. As actas deberán conter inescusablemente:

- A. A data, lugar, convocatoria e hora de comezo e fin.
- B. O carácter Ordinario ou Extraordinario da mesma.
- C. Os asistentes designados nominalmente e as ausencias xustificadas.
- D. A orde do día.
- E. Un resumo dos debates tratados e o texto literal dos acordos adoptados, con indicación do sistema de voto empregado e os resultados obtidos.

3. Tamén figurarán na acta as mencións que os membros desexen que consten expresamente, incluída a súa abstención ou voto desfavorable así como os motivos do mesmo.

Á acta uniranse todas as mocións ou escritos presentados por los membros para o seu debate.

4. As actas aprobaranse na seguinte Asemblea coas modificacións que se propoñan polos membros e serán enviadas coa convocatoria correspondente á súa aprobación, salvo para o caso das Asembleas Constituíntes que se aprobarán ó final da mesma.

No caso de que algún membro non poida estar na Asemblea poderá facer as reclamacións por escrito dirixido ó Presidente.

5. As actas das Asembleas serán públicas.

## **Capítulo II**

Da Xunta de Goberno

### **Sección primeira**

Da súa composición e funcións

#### **Artigo 19. Composición e natureza**

1. A Xunta de Goberno é o órgano de xestión e representación dos intereses da Delegación de Alumnos e estará composta por cinco persoas, elixidas entre os membros da Asemblea Xeral.

2. Na Xunta de Goberno deberán figurar cando menos un Presidente, un Secretario e un Vicepresidente. Pódense nomear tamén máis Vicepresidentes, ou Vocais se considera oportuno.

3. Os cargos serán exercidos gratuitamente e o período de mandato será dun ano natural, desde o seu nomeamento e ata a elección da nova Xunta de Goberno, podendo ser reelixidos os seus membros.

#### **Artigo 20. Funcións**

1. As facultades da Xunta de Goberno estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios dos fins da Delegación, da súa xestión e da súa administración sempre que non requiran, dacordo cás presente Regras, autorización expresa da Asemblea Xeral.

2. Concretamente as súas funcións son:

A. Representar os intereses da Delegación.



- B. Dirixir as actividades e levar a cabo a xestión administrativa da Delegación.
- C. Promover e impulsar as relacións da Delegación coas institucións do seu entorno e en especial, coa Facultade de Dereito, co Campus de Ourense e coa Universidade de Vigo.
- D. Nomear e revocar ó Presidente.
- E. Formar a Mesa que presidirá, xunto co Presidente, as Asembleas Xerais.
- F. Elaborar, revisar e presentar á Asemblea Xeral o presuposto e o balance interno de ingresos e gastos, correspondentes a cada ano económico.
- G. Elaborar e presentar as propostas de gasto á Asemblea Xeral.
- H. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- I. Velar polo cumprimento dos fins e funcións da Delegación, así como polo respecto das presentes Regras de Réxime Interno e demais normas e acordos establecidos pola Asemblea Xeral.
- J. Calquera outras que non estean atribuídas expresamente á Asemblea Xeral, relativas á administración e representación.

### **Artigo 21. Reunións**

1. A Xunta de Goberno reunirase cando se considere preciso, a xuízo do Presidente ou a proposta de dous membros da mesma.
2. A convocatoria realizarase polo Secretario por orde do Presidente e indicará a data, a hora, o lugar de celebración e a orde do día. Comunicarase a través de enderezo electrónico. Farase a convocatoria cunha antelación mínima de tres días.
3. A orde do día será redactada polo Secretario e incluírá todos os puntos que soliciten os membros da Xunta. Incluírá sempre a referencia á aprobación da acta da reunión anterior e rogos e preguntas.
4. A asemblea da Xunta de Goberno quedará validamente constituída en única convocatoria cando asistan a maioría dos seus membros.  
  
Para as votacións deben estar presentes cando menos tres membros.
5. Os acordos aprobaranse por maioría simple e en caso de empate o voto do Presidente será de calidade. No resto regularanse conforme o artigo 17 destas Regras.
6. O Secretario elaborará a acta reunión dacordo co previsto no artigo 18 destas Regras.
7. As actas da Xunta de Goberno son públicas para os membros da Delegación.

## **Artigo 22. Presidente**

1. O Presidente será elixido pola Xunta de Goberno de entre os seus membros por maioría simple. Esta elección farase na primeira Asemblea da nova Xunta de Goberno.
2. O Presidente terá as seguintes atribucións:
  - A. Representar á Delegación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
  - B. Nomear e revocar o Secretario e o Vicepresidente de entre os membros da Xunta de Goberno. No caso de atoparse ausente o Secretario dalgunha Asemblea ou reunión, efectuará tamén o nomeamento dun Secretario provisional de entre os membros da Xunta de Goberno.
  - C. Nomear e revocar, se o considera oportuno, a máis Vicepresidentes ou Vocais de entre os restantes membros da Xunta de Goberno.
  - D. Convocar, presidir e dirixir as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra.
  - E. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
  - F. Autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia.
  - G. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Delegación aconselle ou, no desenvolvemento das súas actividades resulte precisa ou convinte, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta de Goberno ou á Asemblea Xeral.
  - H. Velar polo cumprimento dos fins e funcións da Delegación.

## **Artigo 23. Secretario**

1. O Secretario será nomeado polo Presidente de entre os membros da Xunta de Goberno.
2. As súas funcións son:
  - A. Redactar e custodiar as actas das Asembleas, certificados e cantos documentos e materiais lle solicite o Presidente e que afecten á marcha administrativa da Delegación, así mesmo expedirá os documentos que sexan de obrigado cumprimento segundo a normativa vixente.
  - B. Realizar a convocatoria das reunións, tanto da Asemblea Xeral de membros como da Xunta de Goberno, redactando a orde do día das mesmas conforme o artigo 14.
  - C. Realizar as comunicacións necesarias ós membros, das convocatorias de Asembleas e de tódalas actividades da Delegación, así como outras que estime o Presidente.

- D. Remitir á Facultade de Dereito, á Universidade ou á Administración Pública os documentos e comunicacións necesarios cos requisitos pertinentes.
- E. Levar o cadro de membros coa información anexa e o inventario de bens.
- F. Custodiar tódalas chaves, a excepción da chave de entrada.
- G. Calquera outras que lle poida encomendar o Presidente dentro do seu ámbito de actuación.

#### **Artigo 24. Vicepresidente**

1. O Vicepresidente será nomeado polo Presidente de entre os membros da Xunta de Goberno.
2. As súas funcións son:
  - A. Sustituir ó Presidente en caso de ausencia do mesmo por calquera causa.
  - B. Realizar todas as funcións encomendadas polo Presidente cando este llo requira e baixo a súa supervisión.

### **Sección segunda**

Da súa elección

#### **Artigo 25. Elección da Xunta**

1. A Xunta de Goberno será elixida por maioría simple dos asistentes na Asemblea Xeral Constituínte, unha vez estean incorporados os novos delegados/as e subdelegados/as.

O único punto da orde do día da Asemblea Constituínte será a elección da Xunta de Goberno.

2. Para a válida constitución da Asemblea Xeral Constituínte necesariamente teñen que asistir a ela, en primeira convocatoria, a totalidade dos seus membros e, en segunda convocatoria, cando menos a metade dos mesmos.

Non se poderá facer a votación se nese momento non están presentes, alomenos os asistentes necesarios para a segunda convocatoria.

3. A elección será mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e segredo. Non se admite a delegación do voto, o voto anticipado nin o voto por correo.

Cada membro poderá votar a un máximo de tres candidatos na súa papeleta.

4. En caso de empate, farase unha segunda volta na que cada membro só poderá votar a un dos candidatos que quedaran empatados.

5. Unha vez nomeada a nova Xunta de Goberno, o Secretario da Asemblea, co visto e prace do Presidente, comunicará a súa composición ó Decanato da Facultade de Dereito.

### **Artigo 26. Procedemento de elección**

1. O procedemento de elección da Xunta de Goberno farase, na medida do posible, nunha soa Asemblea e seguirá estes pasos:

1º Constitución da Mesa de Idade e disolución da Xunta de Goberno.

2º Presentación de candidaturas.

3º Votación e recuento.

4º Proclamación de candidatos electos.

5º Reclamacións.

6º Nomeamento dos candidatos e toma de posesión.

7º Disolución da Mesa de Idade.

2. A Mesa de Idade presidirá e dirixirá todo o proceso de elección da nova Xunta con total transparencia.

3. As reclamacións pertinentes faranse oralmente, ante a Mesa. Esta decidirá razoadamente sobre a reclamación.

4. Resoltas as reclamacións, ou finalizado o procedemento sen incidencias, o Secretario da Asemblea, recollerá na acta a composición da nova Xunta de Goberno, que pasará a tomar posesión ó remate do Pleno.

### **Artigo 27. Mesa de Idade**

1. A Mesa de Idade, que estará composta de tres membros da Delegación, presidirá e dirixirá todo o proceso de elección da nova Xunta de Goberno na Asemblea Constituinte.

2. O Presidente da Mesa será o membro de maior idade dos presentes na Asemblea e o Secretario o de menor idade. O segundo menor en idade exercerá as funcións de vocal.

3. O cargo de membro da Mesa é de obrigado cumprimento e unicamente non poderán formar parte da mesma os candidatos á Xunta de Goberno. Neste último caso o propio candidato deberá absterse de formar parte da Mesa.

4. A Mesa resolverá as reclamacións e tódalas incidencias durante o proceso por maioría simple, sen que sexa posible a abstención.

5. Unha vez rematado o procedemento e nomeada a nova Xunta de Goberno, os membros desta firmarán a acta que, xunto coas firmas da Mesa de Idade, será enviada ó Decanato da Facultade e publicada no taboleiro da delegación.

6. Finalizada a sesión a Mesa de Idade quedará disolta automaticamente.

#### **Artigo 28. Cesamento da Xunta de Goberno**

Os membros da Xunta de Goberno cesarán por:

- A. Transcurso do período do seu mandato, unha vez sexa elixida a nova Xunta de Goberno.
- B. Dimisión expresa comunicada ó resto da Xunta de Goberno.
- C. Perda da condición de membro, salvo ó remate do curso académico.
- D. Moción de censura aprobada pola Asemblea Xeral de membros, cando se produza un incumprimento das obrigas encomendadas.

#### **Artigo 29. Vacantes**

1. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta de Goberno serán cubertas do seguinte xeito:

- A. Se queda vacante a Presidencia, a Xunta de Goberno elixirá entre os seus membros a un novo Presidente. Entanto, exercerá as súas funcións o Vicepresidente.
- B. Si a vacante é do Secretario ou do/s Vicepresidente/s ou Vocal/ais, será cuberta por un membro da Xunta de Goberno designado polo Presidente.

2. En todo caso cando se produza unha vacante na Xunta de Goberno, convocarase unha Asemblea Xeral para elixir a un novo membro que a ocupe.

O procedemento desta elección será o establecido para a elección dos restantes membros da Xunta de Goberno, pero non se constituirá a Mesa de Idade e será a Xunta de Goberno a que presida a Asemblea.

## **TÍTULO IV**

### **DA DELEGACIÓN E OS SEUS BENS**

#### **Artigo 30. Patrimonio**

1. O patrimonio inicial da Delegación está composto por todos os bens que se atopan no interior da súa sede e que en ningún caso pertencen en exclusiva á mesma, senón que forma

parte do patrimonio da Facultade de Dereito, polo que será esta última a que decida sobre o seu destino.

2. A Delegación utilizará para o cumprimento dos seus fins os seguintes recursos económicos:

- A. Presuposto asignado anualmente pola Facultade de Dereito ou polo órgano que corresponda.
- B. Donativos e subvencións que reciba.
- C. Calquera outro recurso lícito, público ou privado.

3. A partida orzamentaria asignada anualmente pola Facultade dependerá en último caso desta, que en caso de remanentes poderá destinar o haber a outras actividades.

### **Artigo 31. Exercicio económico.**

1. O exercicio económico abarcará o ano natural, coincidindo co exercicio económico da Facultade de Dereito e da Universidade.

2. Durante cada exercicio a Xunta de Goberno elaborará e actualizará o balance de contas interno, que se axuntará coa convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria correspondente ó seu exame.

Esta documentación económica só ten carácter interno e non é vinculante para o Decanato da Facultade, que será o que decida finalmente sobre as propostas de gasto.

3. Os presupostos, balances e demais documentación económica serán públicos.

### **Artigo 32. Acceso**

1. Todos os alumnos teñen dereito a acceder e usar o material que se atopa nas dependencias da mesma.

2. Para acceder será preciso solicitar a chave na conserxería do centro, acreditando a identidade a través do DNI, carné de conducir, pasaporte ou carné universitario.

Ninguén que non deixe un documento de identidade poderá obter a chave de acceso.

3. Todas as persoas que accedan á delegación deberán facer constar o seu nome, apelidos, DNI, firma, así como a data e hora da súa entrada e saída.

4. Queda totalmente prohibido facerlle copias á chave de acceso ou a calquera outra da delegación sen autorización da Asemblea Xeral.

5. Non se poderá pechar a porta da delegación cando se estea no seu interior, nin para ausentarse dela momentaneamente.

### **Artigo 33. Material**

1. Os membros da Delegación poden facer uso do material da mesma sen abusar no seu disfrute e procurando limitar o gasto na medida do posible.
2. Queda totalmente prohibido sacar material da delegación sen permiso da Xunta de Goberno.
3. É deber de tódolos membros e alumnos o coidado e a dilixencia no uso do material e das instalacións, procurando manter todo en bo estado e informar á Xunta de Goberno das incidencias.
4. Tamén se deberá deixar todo no estado no que se atopaba, o cal implica pechar fiestras, apagar luces e equipos eléctricos e/ou electrónicos, gardar o material logo de usalo e manter a sala limpa e ordenada.

### **Artigo 34. Incidencias**

1. As incidencias ou o mal estado do material, dos equipos e/ou da sala, serán notificadas de inmediato á Xunta de Goberno a través de enderezo electrónico e deixarase constancia no taboleiro de anuncios da delegación, especificando tamén a data e hora en que se coñeceu.
2. As persoas responsables dos danos causados na delegación por culpa ou negligencia correran cos gastos de reparación ou substitución de selo caso.
3. Os danos producidos por caso fortuíto ou por forza maior serán a cargo do presuposto da Delegación.

## **TÍTULO V**

### **DA REFORMA DAS REGLAS DE RÉXIME INTERNO**

#### **Artigo 35. Propostas de reforma**

1. As propostas de reforma das presentes Regras de Réxime Interno deberán ir firmadas cando menos polo 30 % dos membros da Delegación ou pola maioría dos membros da Xunta de Goberno.
2. As propostas deberán estar articuladas e motivadas e enviaranse ó Presidente para que convoque a correspondente Asemblea Ordinaria nun prazo máximo de 5 días e remita as propostas ós membros cunha antelación mínima de 7 días.

#### **Artigo 36. Procedemento de reforma**

1. A Asemblea Xeral Ordinaria na que se vaia debater a reforma das Regras de Réxime Interno quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando asistan a ela a

totalidade dos seus membros e, en segunda convocatoria, cando asistan a ela a metade dos membros.

De non ser así non se poderá debater a modificación e tampouco se poderá presentar ningunha outra proposta ata o curso lectivo seguinte.

2. Constituída a Asemblea, procederase ó debate e aprobación das propostas que poderán ser parciais, se afectan a algún ou algúns artigos, ou totais, se afectan a máis do 80 % do articulado.

3. As propostas de modificación parciais serán aprobadas por maioría absoluta dos votos emitidos. Para aprobar as emendas á totalidade será necesaria unha maioría de dous terzos dos membros da Delegación.

A modificación de calquera dos artigos do presente título require maioría de dous terzos dos membros da Delegación.

Na votación deberán estar presentes, en todo caso, os asistentes necesarios para a segunda convocatoria.

4. Unha vez aprobada calquera modificación destas Regras, o Secretario comunicará ó Decanato da Facultade de Dereito tales modificacións, axuntando as novas Regras de Réxime Interno.

5. Durante un curso lectivo non poderá debaterse máis dunha proposta de modificación.

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **Primeira. Moción de censura**

1. A moción de censura poderá plantexarse contra calquera membro da Xunta de Goberno cando se produza un incumprimento nas súas obrigas ou se atente contra os intereses da Delegación. Será presentada por escrito ante o Presidente por alomenos un 30 % dos membros da Delegación, ou pola maioría dos membros da Xunta de Goberno.

A moción en todo caso deberá estar suficientemente motivada.

2. Se a moción reúne os requisitos anteriores, o Presidente convocará unha Asemblea Extraordinaria de membros para o seu debate no prazo máximo de 3 días.

3. Para a válida constitución da Asemblea Xeral será necesario que asistan a ela, en única convocatoria, a metade dos membros da Delegación.



Na votación deberán estar presentes cando menos os asistentes necesarios para a válida constitución da Asemblea.

4. Na Asemblea Extraordinaria debaterase a moción e para a súa aprobación será precisa a maioría absoluta dos votos emitidos. Se resulta aprobada, na mesma Asemblea elixirase a un novo membro para cubrir a vacante, conforme ó artigo 29.

O membro censurado deixará de formar parte da Xunta de Goberno.

### **Segunda. Revocación do Presidente**

1. A maioría da Xunta de Goberno poderá propor a revocación do Presidente cando non cumpra as obrigas do seu cargo adecuadamente e con eficacia.

A revocación deberá ser motivada e conterá o nome do membro que se propoña para ocupar o cargo.

2. Feita a proposta de revocación, o Secretario convocará unha Asemblea da Xunta de Goberno na que se decidirá por maioría absoluta de membros a revocación do Presidente.

Na reunión deberán estar presentes todos os membros da Xunta de Goberno.

3. Se resulta aprobada, pasará a ser nomeado Presidente o membro proposto e o revocado deixará o cargo aínda que seguirá a formar parte da Xunta de Goberno.

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

### **Única. Primeira Xunta de Goberno**

Unha vez aprobadas as presentes Regras de Réxime Interno elixirase a primeira Xunta de Goberno da Delegación de acordo co establecido nas mesmo.

## **DISPOSICIÓN DEROGATORIAS**

### **Primeira. Cláusula xeral**

Quedan totalmente derogadas todas as normativas, no ámbito da Delegación de alumnos de Dereito, anteriores ás presentes Regras de Réxime Interno sexa cal sexa o seu obxecto, rango ou modo de elaboración.

### **Segunda. Acordos nulos**

Serán nulos de pleno dereito todos os acordos non adoptados conforme ó disposto nestas Regras.

## DISPOSICIÓN FINAIS

### **Primeira. Entrada en vigor**

As presentes Regras de Réxime Interno entrarán en vigor no mesmo momento da súa aprobación. Para garantir o seu cumprimento daráselle a debida publicidade a tódolos membros no prazo dos cinco días posteriores a súa aprobación.

### **Segunda. Regulación subsidiaria**

En todo o non previsto nestas Regras aplicarase a normativa interna da Facultade de Dereito, a normativa que resulte de aplicación da Universidade de Vigo e a normativa, estatal ou autonómica, relativa ós estudantes e os seus dereitos de asociación e participación.

DILIXENCIA para facer constar que as presentes Regras de Réxime Interno da Delegación de Alumnos de Dereito de Ourense, foron aprobadas pola Asemblea Constituínte da mesma o 5 de abril de 2011 e publicado oficialmente no taboleiro da Delegación o día 6 de abril de 2011.

O SECRETARIO

Jonathan Domínguez Rodríguez